


NOSO
PLANÉ
BAILAR
ATA QUE
TODO SE
SOLUCIONE

#decorpospresentes

ANEXO

MEMORIA DAS ACTIVIDADES REALIZADAS


E MATERIAL GRÁFICO

www.decorpospresentes.gal

contacto@decorpospresentes.gal

DE CORPOS PRESENTES é unha **plataforma de produción, investigación e difusión das artes performativas contemporáneas en Galicia**; un campo cunha comunidade artística moi fértil e activa –tanto no plano creativo e de creación de coñecemento sobre o noso presente, como na súa capacidade mediadora e dinamizadora a nivel social–, pero cun contexto institucional aínda pouco propenso para acoller e aproveitar todas as súas potencias.

Partindo da diagnose desta situación, á que queremos identificar como oportunidade, DE CORPOS PRESENTES procura **activar conexións** entre unha serie de **artistas con procesos creativos en marcha no noso territorio**, e unha serie de **espazos museísticos**, culturais e de coñecemento sensibles á creación contemporánea que, por súa vez, aglutinan a un conxunto de **públicos**. A forma destas conexións defínese a través dun **traballo de curadoría e mediación**, para xerar un programa axeitado en cada caso, en función dos artistas e colectivos implicados, e tamén en función dos espazos, museos e públicos. Así, o **programa** de DE CORPOS PRESENTES é mutable cada ano, implicando novos axentes e novas metodoloxías de cada vez.



DE CORPOS PRESENTES **fai alusión aos corpos de hoxe e ao seu estar xuntos nos nosos tempos**, habitados e por habitar. Fai alusión, por unha banda, á materia mesma das artes performativas: o corpo como material poético. A súa expresión en plural (corpos) atende á noción de comunidade e/ou de multitude, arredor da cal xiran moitas das creacións contemporáneas. Por outra banda, o título refire ao diálogo que estes corpos establecen co noso tempo, o presente, e as súas múltiples formas posibles: os nosos presentes. Un diálogo que os corpos xeran a través do seu propio estar (estar presentes) e da súa acción nun espazo e nun tempo compartidos. O diálogo e a intelixencia da súa performatividade.

O noso plan é bailar ata que todo se solucione

Acción colectiva

05.12.2018, ás 20.30h

Acción de rúa (A Coruña)



Esta foi a primeira actividade de “De corpos presentes”, unha acción colectiva que consistiu nunha intervención polas rúas da Coruña, á que se sumaron un grupo de persoas da cidade, e que contou ca colaboración da asociación Sen Ánimo de Nome.

A acción consistiu na pegada de carteis pola cidade, co seguinte slogan: **“O NOSO PLAN É BAILAR ATA QUE TODO SE SOLUCIONE”.** Facendo unha ruta polas zonas/muros onde habitualmente se coloca publicidade no centro da cidade, cubrimos esas zonas de carteis cunha mensaxe diferente: un convite á acción artística dos corpos e á súa existencia fóra do consumo, unha mensaxe que pretende chamar a atención sobre a forza social que teñen os corpos en movemento, e sobre a resistencia que caracteriza ao sector das artes vivas. Con esta intervención queremos tamén facer un chamamento xeral a favor de máis e mellores políticas culturais para as artes vivas, na Coruña e en Galicia.

A pegada (literal) de carteis durou aproximadamente unha hora. A súa pegada (posterior) quedou inscrita na memoria da cidade, conservada a través do rexistro realizado. O deseño do cartel foi encargado á artista Caterina Varela. Realizouse, así mesmo, un encontro previo á pegada, que tivo lugar no Estudio de Danza de Javier Martín, ubicado no centro da Coruña. Asistiron a este encontro máis de 20 persoas.


+ INFO: http://decorpospresentes.gal/archivos/20
VÍDEO: https://youtu.be/dxduSmmdHzw


FERIA DEL DISCO
O CANDIL
Feria de Muestras de A Coruña
Feria de Muestras de A Coruña


estudios desde 35 m²
NOSO
PLAN É
BAILAR
ATA QUE
TODO SE
SOLUCIONE


NOSO
PLAN É
BAILAR
ATA QUE
TODO SE
SOLUCIONE




NOSO
PLAN É
BAILAR
ATA QUE
TODO SE
SOLUCIONE


981 72 00 06

Dance Generation

Danza comunitaria con Taiat Dansa

Obradoiro: 10 a 12.12.18 | Mostra aberta: 12.12.18, ás 12.30h

Lugar: Fundación María José Jove, A Coruña



A Fundación Maria José Jove acolleu "Dance Generation", un proxecto de danza comunitaria e interxeracional de Taiat Dansa, compañía de Valencia formada por Meritxell Barberá e Inma García. No seu paso pola Coruña traballaron durante 3 xornadas cun grupo de 20 usuarios/as e voluntarios/as de Cáritas Coruña nos espazos da Fundación Jove, inspirándose nas obras da Colección. O mércores 12 de decembro ás 12.30h tivo lugar a mostra aberta do proceso de creación coreográfica colectiva, nas salas da colección de arte da Fundación Jove.

DANCE GENERATION: "Buscamos códigos propios", afirman as coreógrafas de Taiat Dansa, Meritxell Barberá e Inma García, que dirixen estes encontros de traballo co obxectivo de crear unha coreografía específica con diferentes grupos de persoas en distintas cidades e poboacións. Dance Generation convoca a un grupo de intérpretes –sen límite de idade– a crear e bailar xuntos, para romper as barreiras que acostuman atravesar o exercicio da danza. "Dance Generation propón un cuestionamento sobre a evolución do corpo no transcurso do tempo e sobre a tendencia da nosa sociedade a separar aos individuos según a apariencia, idade, condicións ou intereses".

+ INFO: http://decorpospresentes.gal/event/dance-generation
RRSS: https://www.facebook.com/events/724389234593723/
VÍDEO:













58 indicios sobre o corpo

Lectura dun texto de Nancy con Nieves Neira

14.12.18 , de 18.00 a 19.30h

Normal. Espazo de Intervención Cultural da UDC



"O corpo pode voltarse falante, pensante, soñante, imaxinante. Todo o tempo sente algo. Sente que todo o que é corporal. Sente as peles e as pedras, os metais, as herbas, as augas e as chamas. Non para de sentir". Este é un dos 'indicios sobre o corpo' de Jean-Luc Nancy, un texto que o filósofo francés introduce cun presuposto: se entendemos a res cogitans como oposta á res extensa, malentendemos a lección de Descartes. Indicios: se 'in' remite a un interior, tamén é o índice o dedo que sinala un 'fóra'.

Da distancia precisa para poder dicir 'corpo' á proximidade da pel que non pertence a ningunha 'unidade', podemos adentrarnos neste texto como (tamén) nun lugar, poñendo en xogo sentidos normalmente inhibidos na experiencia da lectura.

A investigadora Nieves Neira convídanos a conversar dun xeito diferente sobre a poética dos corpos en movemento, a partir dunha lectura de Nancy coa que trataremos de dar corporalidade á propia poética dos textos. *Esta actividade forma parte do **CICLO DE CONVERSAS ARREDOR DAS ARTES PERFORMATIVAS** que "De corpos presentes" organiza en colaboración con NORMAL.

Na actividade participaron 15 persoas, no sala 'Almacén' do edificio de Normal.

+ INFO: http://decorpospresentes.gal/event/58-indicios-sobre-o-corpo
RRSS: https://www.facebook.com/events/802381600093822/
VÍDEO: https://youtu.be/WbHmkGrXiAc

















Coar o discurso. A teoría inquieta

Proxección e conversa con Edu Fernández e Javier Trigales

17.12.18 , de 20.00 a 21.00h

Normal. Espazo de Intervención Cultural da UDC



Os vídeos do artista Edu Fernández son pezas performativas nas que destaca o uso da reinterpretación, o collage dixital ou a linguaxe do viral. Na súa última obra, *The Passion of Edu Fernández*, aprópiase do célebre filme de Dreyer (*La Pasión de Juana de Arco*, 1928) nunha sorte de remake bastardo. Convidamos a Edu e a Javier Trigales (guionista, programador e xestor cultural) a falar sobre orixinal e copia, a autoficción, a explotación hiperbólica da propia imaxe na sociedade das redes ou sobre como axilizar o discurso teórico. Trátase de reflexionar sobre que pasa cos nosos corpos nesta vida mediatizada polas pantallas e como podemos, xustamente a través delas, voltar aos mesmos.

A actividade comezou cunha proxección do filme *The Passion of Edu Fernández* e continuou ca conversa, a modo de coloquio-entrevista, entre ambos convidados, que se abriu tamén ás persoas do público. Asistiron un total de 25. *Esta actividade forma parte do **CICLO DE CONVERSAS ARREDOR DAS ARTES PERFORMATIVAS** que "De corpos presentes" organiza en colaboración con NORMAL. Espazo de intervención cultural da Universidade da Coruña.

+ INFO: http://decorpospresentes.gal/event/coar-o-discurso-a-teoria-inquieta
RRSS: https://www.facebook.com/events/317189408883381/
VÍDEO: https://youtu.be/Pko5jbC3YHQ




DE CORPOS
PRESENTES





Anthesis

Performance e electrónica con Javier Martín e Artur M. Puga

19.12.18 , de 19.00 a 20.00h

Auditorio do Museo do Pobo Galego, Santiago



«Odio o movemento que despraza as liñas.» – *Les Fleurs du mal*, Baudelaire.

sintetizador modular_ Artur M. Puga | corpo_ Javier Martín. Partindo da improvisación dialogada entre movemento e son, este encontro entre o artista sonoro Artur M. Puga e o coreógrafo Javier Martín busca desenvolver unha experiencia estética e vivencial próxima á percepción sinestésica. Fuxindo das categorías das formas, os artistas exploran xuntos distintos tipos de vibracións, texturas e graos de conciencia, na procura de diversos estados onde os sentidos se expandan cara a apertura dun tempo de orde topolóxico. Mantendo unha metodoloxía de traballo en contacto co público, búscase que a creación xorda nun contexto participado pola crítica á vez que se crea un contexto subxectivo para o seu coidado. O encontro entre ambos artistas naceu dentro do programa "Tribuna pública" comisariado por Juan de Nieves e impulsado polo Concello da Coruña. A partir desta primeira experiencia, continúan a indagar nas posibilidades de construir códigos compartidos a través da escoita mutua e do encontro co público. No Museo do Pobo Galego, transformaron o espazo do Auditorio creando un ambiente de luces tenues e utilizando as dúas plantas, deixando ademais que o público se situase tanto ao fundo da sala (no lugar habitual), como perimetralmente á "escena". Asistiron máis de 40 persoas.

+ INFO: http://decorpospresentes.gal/event/anthesis-con-artur-m-puga-e-javier-martin
RRSS: https://www.facebook.com/events/1976678739091064/
VÍDEO: https://youtu.be/UP-Bm8iEHAc













Brumario

Concerto performativo con Javier Martín e Vertixe Sonora

23.12.18, de 13.00 a 14.00h

Auditorio do CGAC, Santiago



"Brumario" é o título da primeira colaboración entre Vertixe Sonora, agrupación amplamente destacada no eido da música contemporánea, e Javier Martín, coreógrafo e bailarín igualmente recoñecido polas súas achegas ás artes do movemento. Producida por DE CORPOS PRESENTES, comezou a xestarse recentemente, a partir dun interese compartido pola procura de novas linguaxes, a improvisación como rigor escénico e o encontro entre disciplinas artísticas. "Trátase dun acontecemento, improvisación sonora e corporal baseada no concepto de vibración como lugar que atravesa e conforma ambas disciplinas. Un proxecto de investigación e creación en código aberto que aposta pola produción local de coñecemento cun espíritu de vangarda". A peza presentouse no CGAC con Pablo Coello (saxofón), David Durán (piano), Diego Ventoso (percusión) e Javier Martín (movemento), e estivo dividida en dúas partes: na primeira Vertixe interpretou "Ursa Major", de Heather Stebbins (unha peza que o ensenmble encargara á xove compositora), e Javier se moveu dende a linguaxe da improvisación. A segunda parte foi un exercicio de improvisación pura, investigando no concepto do *feedback*, da retroalimentación; en cada instrumento foron introducidos altofalantes de vibración e Javier levou incorporado un micro. Con eses dous elementos e a manipulación dos instrumentos polos intérpretes, foron xerados os sons, na interacción de movemento e instrumentos. Foi a primeira vez que se abriu ao público esta colaboración entre o ensemble e o coreógrafo, que esperan continuar as súas pesquisas.

"Medir un fantasma": O estado do movemento non é simplemente descoñecido, senón realmente indefinido antes de que se execute. O acto da coreografía en si obriga ao movemento a caer nun estado vibratorio definido e diferente cada vez, constituíndose un evento singular ("Tan só unha bóveda separa as formas do caos", Pascal Quignard). E se o clásico fose unha capacidade de manifestación simultánea, en distintas presenzas e, obvio, en distintos tempos? Un pasar da representación gráfica á representación sísmica.

+ INFO: http://decorpospresentes.gal/event/brumario-concerto-performativo-con-vertixe-sonora-e-javier-martin
RRSS: https://www.facebook.com/events/570246690084152/
VÍDEO: https://youtu.be/A7g7ZUMSLzI









O público está aquí
Conferencia performativa con Sabela Mendoza

28.12.18 , de 20.00 a 21.00h

Auditorio da Fundación Luis Seoane, A Coruña




O público está aquí é un traballo de investigación teórica e de escritura, e ao mesmo tempo unha conferencia performativa, sobre o espazo que ocupa o espectador nas artes vivas contemporáneas, as pautas que guían a súa participación e os xestos e accións que determinan a mirada.

Partindo dun relato a modo de conferencia, a peza tórnase acción incorporando fragmentos de danza e elementos escénicos asociados á construcción da participación democrática, que aparecen descontextualizados, na procura dunha resignificación. Xira arredor das preguntas: cara onde estamos mirando? aínda podo ver? E se inspira naquelas producións artísticas actuais que non podemos ver porque foron interrumpidas ou forzadas, propoñendo un exercicio de desvío da mirada a partir dun diálogo fortuito ca coreógrafa siria Mey Seifan .

Na Fundación Luis Seoane, a conferencia performativa tivo lugar no auditorio. Asistiron arredor de 30 persoas.

Creación e performance: *Sabela Mendoza* | Asistencia a dirección: *Javier Martín | Textos: Sabela Mendoza* | Agradecimentos: *Nadia Muhanna , Mey Seifan, Los Torreznos, MPECV- Artea.*

+ INFO: http://decorpospresentes.gal/event/o-publico-esta-aqui-conferencia-performativa-por-sabela-mendoza
RRSS: https://www.facebook.com/events/207196033557066/
VÍDEO:


UN MINUTO DE
SILENCIO
OLOS QUE NON ESTÁN











O público está aquí

Publicación

Coedición de Estraperlo editora e De corpos presentes



DE CORPOS PRESENTES colabora con Estraperlo editora para a edición dun libro, a partir dos escritos que conforman a investigación e os propios textos da conferencia 'O público está aquí', de Sabela Mendoza. A publicación, con deseño editorial de Tono Mejuto, aseméllase a un libro de artista e está composto de dúas partes: Ensaio (con textos de poesía visual) e Función (ca descrición das accións e os textos da performance que leva o mesmo título. Propón ademais un xogo na lectura, podendo comezar polo anverso ou polo dorso. Estraperlo editora é unha nova editorial formada por Tono Mejuto e Gonzalo E. Veloso, centrada en publicacións artísticas. En 2018 publicouse online a 1ª edición dixital de "O público está aquí" (accesible a través da web de DCP), que virá a luz na edición impresa en 2019.

"Non coñezo este lugar, por iso regreso a miúdo." O público está aquí, deixaron de ser esas persoas para seren espectadoras. Son "o outro" para a escena, para a artista, ou son "as outras" para si mesmas? A súa función na obra, a función do público, é tamén esta representación. O lugar do público é un espazo baleiro, unha función espazo-tempo neutralizada, unha bisagra onde se desdobran os sentidos. Pero o público cóntase en cifras, quéreselle atraer e fidelizar, ten un día especial, é obxecto de estudos, estratexias e desexos, defínese a súa participación… e tamén se debuxa o espazo da súa experiencia: aquí. "A danza é o presente máis intenso que coñezo."

COLABORADORES 2018



Deputación DA CORUÑA

Cultura da Deputación da Coruña foi a principal aliada de DE CORPOS PRESENTES no lanzamento e primeiro ano do proxecto.

A través das Subvencións a proxectos singulares de especial interese cultural, concedeu un apoio económico fundamental para facer posible o arranque da plataforma.



FESTIVAL 10 SENTIDOS

Acordo **de intercambio territorial** co festival de Valencia, para favorecer a mobilidade de artistas dun e outro lado, que son convidados a participar no outro territorio: > A cía valenciana Taiat Dansa presentou na Coruña o seu proxecto "Dance Generation", como parte do programa de DCP 2018. > O coreógrafo galego Javier Martín presentará en Valencia a súa obra "Método negro" no Festival 10 Sentidos 2019.

ESPAZOS 2018

NORMAL

Fundación María José Jove

Museo do Pobo Galego



FUNDACIÓN LUIS SEOANE

CGAC CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA